



BRIEFING

ACTIVIDADES DE INMERSIÓN LINGÜÍSTICA EN LINGUA INGLESA

ENGLISH WEEK 2017

26 de novembro ao 2 de decembro 2017

Orde do 19 de xullo de 2017 pola que se regula a convocatoria e selección de centros docentes non universitarios sostidos con fondos públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para participar en actividades de inmersión lingüística en lingua inglesa, "English Week" publicada no DOG do 02/08/2017



ÍNDICE

- 1.) OBXECTIVOS E PROGRAMA XERAL
- 2.) MENÚ
- 3.) HORARIO TIPO E ACTIVIDADES
- 4.) ROUPA RECOMENDADA
- 5.) INSTALACIÓNS
- 6.) HORARIOS DE ENTRADA E SAÍDA
- 7.) INFORMACIÓN ADICIONAL
- 8.) SEGURO E SERVIZO MÉDICO



1.) OBXECTIVOS E PROGRAMA XERAL

Actividades de inmersión en inglés para o alumnado de 6º de Primaria e da ESO. A English Week está deseñada tendo en mente a aqueles e aquelas estudantes que posúen un coñecemento de inglés e que necesitan perfeccionar tanto a fluidez verbal como a comprensión auditiva.

Esta actividade non é un campamento senón que ten unha formulación máis formativa.

Os obxectivos xerais son consolidar as estruturas gramaticais básicas, intermedias e avanzadas, mellorar a axilidade verbal ao mesmo tempo que se reforzan as estruturas gramaticais, adquirir un corpus de vocabulario xeral e dominar o vocabulario temático en situacións específicas, incrementar a confianza do alumnado ante situacións orais imprevistas e desenvolver a capacidade de comprensión auditiva e comunicación oral dos e das participantes.

Ao non ser un campamento senón unha actividade de inmersión, o alumnado participante na English Week non realizará actividades deportivas nin excursións fóra das instalacións nin ningún outro tipo de actividade de exterior típica dun campamento. O alumnado participante recibirá cinco horas de clase de luns a venres e realizará actividades nas que fará uso do inglés en situacións comunicativas reais, todo nun ambiente angloparlante.



2.) MENÚ

Produtos frescos e de 1ª calidade elaborados a diario.

Os alumnos e as alumnas participantes na English Week 2017 reciben un menú completo e variado tanto no almorzo como no xantar, na merenda e na cea.

Disporase de menús especiais para aqueles nenos e nenas que o necesiten (diabéticos, celíacos, vexetarianos, alerxias alimentarias...)

*** O menú pode sufrir modificacións

	Domingo	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado
D		Leite con cacao, zume, galletas, cereais, manteiga, mermelada, pan	Leite con cacao, zume, galletas, cereais, manteiga, mermelada, pan	Leite con cacao, zume, galletas, cereais, manteiga, mermelada, pan	Leite con cacao, zume, galletas, cereais, manteiga, mermelada, pan	Leite con cacao, zume, croissant, galletas, cereais, manteiga, mermelada, pan	Leite con cacao, zume, galletas, cereais, manteiga, mermelada, pan
Merenda		Mandarina	Plátano	Ameixa	Mandarina	Plátano	
C		Espagueti con atún Hamburguesa con patacas de luxe Ameixa	Codiños con verdura e tomate Albóndegas con arroz Mazá	Fabada Lombo de matanza con arroz Laranxa	Arroz 3 delicias Filete con patacas de luxe Pera	Lentellas con Chourizo Fideua de carne Mazá	
M		Bocadillo de crema de cacao	Bocadillo de mortadela	Bocadillo de salchichón	Bocadillo de marmelo e queixo	Bocadillo de chourizo	
C	Revolto de champiñón e verdura San jacobos con ensalada Arroz con leite	Calamares e croquetas Tortilla española con tomate Xelatina	Empanada de verduras Polo ó allo con dado de patacas Flan	Ensalada de pasta Pescada ó forno con patacas panadeira Arroz con leite	Ensaladiña rusa Pizza de xamon e queixo Xeadó	Crema de verduras Arroz á cubana logur natural	



3.) HORARIO TIPO E ACTIVIDADES

	Domingo	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado
08:30 - 09:30		ALMORZO E LAVARSE OS DENTES					Almorzo
09:30 - 11:00		Clase (1,5 h)					Recollida e saída
11:00 - 11:30		Descanso					
11:30 - 13:30		Clase (2h)					
13:30 - 15:00		Xantar e tempo libre					
15:00 - 17:00	Chegada alumnado	BÚSQUEDA DO TESORO	SAÍDA Á ALDEA	“INVENT YOUR OWN COUNTRY”	OLYMPICS IN THE SPORT CENTER	EGG DROP	
17:00 - 17:30		Merenda					
17.30 - 19.00		CLASE E PROXECTO (1,5h)					
19.00 - 19.45	Recollida alumnado; cuartos e grupos provisionais.	BLOG E ACTIVIDADES (Indoor challenge e xogos musicais, alternando os días por grupos)				“SHOW” (PRESENTACIÓNS ORAIS)	
19.45 - 20.30	Probas de nivel e asignación de grupos	Duchas					
20.30 - 21.30	Cea						
21.30 - 22.30	CAIXA MUSICAL	CASINO	CINE	SING OFF	POXA	DISCOTECA	
22.30 - 23.30	Deitarse						

*Este é un horario tipo dunha semana na English Week 2017 no que se pode atopar a distribución das actividades durante todo o día. Ese horario pode estar suxeito a modificacións por motivos técnicos ou climatolóxicos. Durante a mañá, os alumnos e alumnas almorzarán, asearanse e comezarán coas clases de inglés, que serán atractivas e interactivas co fin de axudar a facer a aprendizaxe máis amena e divertida, cun descanso a media mañá.

Despois de xantar, os alumnos e as alumnas terán talleres e actividades e despois a última etapa de clases, que se dividen en tres módulos: gramática e método, vocabulario e phrasal verbs e falar en público (preparan una presentación oral para o último día da English Week 2017, o "show"). Despois dividírase en actividades culturais e tecnolóxicas (alternaranse cada día traballando dous días o blog e outros dous días actividade, rematando a semana cunha presentación oral a modo de Show).

O día remata cunha velada de carácter lúdico e social, xa que son as únicas actividades das que case todo o grupo participará conxuntamente a excepción do show.



4.) ROUPA RECOMENDADA

→ **Toda a roupa, calzado e accesorios teñen que ir marcados co nome e os dous apelidos.**

- 7 camisetas, 4 pantalóns longos.
- 3 suadoiros ou xerseis de manga longa.
- 3 chándales completos ou roupa de deporte.
- 1 toalla de ducha.
- 1 par de sandalias de ducha.
- 7 mudas de roupa interior, calcetíns deportivos (7 pares) e 1 pixama.
- Calzado deportivo con sola de goma, botas con sola de goma ou zapatos cómodos para andar con sola de goma e zapatillas para o interior.
- 1 prenda de abrigo e un chubasqueiro ou similar.
- Bolsa de aseo completa.
- 1 gorra.
- 1 paraugas.
- Lanterna.
- Non é necesario traer cartos, xa que non se sae das instalacións e dentro non hai ningún lugar onde podelos gastar. Calquera necesidade que poida xurdir por cuestións médicas ou doutra índole será cuberta en primeira instancia polo equipo responsable da actividade.
- **Artigos que o alumnado participante non pode traer:** obxectos de valor, reprodutores de música, xogos ou outros aparellos electrónicos, xoias. Cámaras fotográficas: recoméndase levar cámaras desbotables.

A entidade organizadora non é responsable da perda ou deterioración de artigos pertencentes ao alumnado.

5.) INSTALACIÓNS

INSTALACIÓNS	
Complexo	
Cuartos	
Comedor	
Aseos	

- **Antiga aldea Os Peares**, pertencente a Gas Natural Fenosa composta de varios edificios independentes: aulario, dormitorios, comedor e cociñas, zona recreativa, etc.
- O aulario é un edificio independente con máis de 20 aulas e salas multiusos.
- Situado nun contorno privilexiado nun medio absolutamente natural, facilita que a English Week se desenvolva nun ambiente de concentración e tranquilidade.



6.) HORARIOS DE ENTRADA E SAÍDA

Para a mellor organización da English Week 2017, na seguinte táboa pódense atopar os horarios de entrada e saída das instalacións.

Hora de Entrada Domingo, 26 de novembro de 2017	Hora de Saída Sábado, 2 de decembro de 2017
Cada centro educativo recibirá unha convocatoria personalizada cunha hora específica para entrar nas instalacións. Esa convocatoria virá acompañada das instrucións de entrada	Cada centro educativo recibirá unha convocatoria personalizada cunha hora específica para saír das instalacións. Esa convocatoria virá acompañada das instrucións de saída.
Pregáse puntualidade á hora da entrada.	Pregáse puntualidade á hora da saída.
A hora máxima á que poderán chegar os alumnos e alumnas o día 19 de novembro é ás 21:00. Pasada esta hora deberán traer o alumnado ao día seguinte, debendo comunicar previamente a incidencia.	

***Saídas e entradas na actividade fóra dos horarios establecidos:

- **Entrada:** aqueles alumnos ou alumnas que, por motivos alleos á organización da actividade, teña que chegar máis tarde da hora á que foi convocado o día 26 de novembro deberá comunicalo ao equipo responsable da actividade indicando o día e a hora exactos nos que se presentarán nas instalacións.
- **Saídas – FORMULARIO DE AUTORIZACIÓN DE ABANDONO DE ACTIVIDADE:**
 - A) Durante o transcurso da actividade: En caso de que calquera alumno ou alumna deba saír a tempo parcial das instalacións durante o transcurso da actividade, o representante legal do/a alumno ou alumna deberá completar e asinar a autorización de abandono da actividade indicando o día e a hora de saída. Se o alumno ou alumna se ausentou durante un período de tempo e á volta quere participar no almorzo deberá estar antes das 09:00 h, se quere participar no xantar deberá estar antes das 14:00 h e se quere participar na cea deberá chegar antes das 21:00 h, sempre con previo aviso e sendo puntual.
 - B) Abandono durante o desenvolvemento da actividade: En caso de que calquera alumno ou alumna deba saír das instalacións e abandonar a actividade durante o transcurso da actividade, o representante legal do/a alumno ou alumna deberá completar e asinar a autorización de abandono da actividade indicando o día e a hora de saída.
 - C) Unha vez finalizada a actividade: O pai/nai ou representante legal do alumno ou da alumna deberá completar e asinar a autorización de abandono da actividade nos seguintes casos:
 - Se o alumnado abandona a actividade cun acompañante que non é o pai, a nai ou o representante legal.
 - No caso de aqueles alumnos ou alumnas que, por motivos alleos á organización da actividade, teña que ser recollido/a nun horario diferente de aquel ao que foi indicado o día 2 de decembro.

O día de recollida do alumno ou alumna o/a representante legal, ou a persoa autorizada por el/ela, deberá identificarse co seu DNI.



7.) INFORMACIÓN ADICIONAL

COCIÑA: no centro contarase cun servizo de cociña que se encargará da alimentación dos nenos e que será o responsable de elaborar o menú que lles detallamos no punto 2. O servizo dispón de menús especiais para atender as necesidades de nenos e nenas diabéticos, celíacos, vexetarianos, etc.

CUARTOS: os alumnos e alumnas durmirán en cuartos dobres con baño privado. Os cuartos estarán distribuídos por sexo.

LIMPEZA: todos os alumnos e alumnas serán responsable de manter as súas cousas e o cuarto limpo e ordenado, fará a súa cama a diario e terán os armarios persoais ordenados

O persoal de limpeza do centro encargárase de facer a limpeza xeral dos cuartos e zonas comúns. Entregaráselles aos nenos e nenas unha toalla de ducha e de mans e faráselles un cambio de toalla á semana.

LAVANDERÍA: Non haberá servizo de lavandería durante a estancia do alumnado na actividade.

PIOLLOS: Para previr piollos na actividade, cómpre que revisen ao alumnado 24 horas antes da participación nesta para que, en caso de que tivesen piollos, se lles poida aplicar o tratamento necesario.

MATERIAL: Non é necesario que os alumnos e as alumnas leven material escolar, xa que se lles facilitará durante a actividade, tendo a obriga de respetalo e coidalo en todo momento.

EXCURSIÓN: o alumnado participante realizará unha excursión un día de luns a venres pola tarde á central hidroeléctrica, que está na propia aldea dos Peares.

CARTOS RECOMENDADOS: Non é necesario traer cartos, xa que non se sae das instalacións e dentro non hai ningún lugar onde podelos gastar. Calquera necesidade que poida xurdir por cuestións médicas ou doutra índole será cuberta en primeira instancia polo equipo responsable da actividade.

VISITAS DE PAIS E NAIS: os pais, nais e demais familia non deben entrar nas instalacións nin visitar o alumnado durante o desenvolvemento da English Week, salvo en caso de aviso previo na folla de incidencias do formulario de inscrición.

WEB: Para a English Week, creouse un sitio web específico <https://playandsay.org/english-week-xunta> na que só teñen acceso as familias premendo en “acceder” e indicando os datos de usuario e contrasinal que se lle indicarán no momento da chegada do alumnado.

En dito sitio web, poderán estar ao tanto do desenvolvemento da actividade a través das novas que irán incluíndo os monitores e monitoras, que irán contando as actividades e curiosidades que vaian ocorrendo cada día. Por outra parte, contarán tamén cunha galería de imaxes diaria na que poderán ver o alumnado participando nas diferentes actividades.

En caso de ter calquera dúbida con respecto ao acceso ao sitio web, non dubiden en contactar co correo electrónico: info@playandsay.org o 943 469 373



TELÉFONO:

O alumnado que o desexe, pode levar o seu teléfono móbil, pero será recollido polos monitores e monitoras e unicamente terá acceso a el no horario establecido pola dirección do programa. As horas e días indicados máis abaixo serán estritamente observados. O móbil deberá estar marcado co nome e apelidos do alumno ou alumna, o número de teléfono e o PIN en caso de que así o queiran. (A maioría do alumnado non lembra o seu PIN á hora de acender o móbil, polo que é recomendable.)

Nota: por favor, non esquezan incluír o cargador do móbil.

O alumnado que leve móbil poderá chamar ou recibir chamadas:

Luns 27 de novembro e xoves 30 de novembro de 2017.

As horas de chamada son:

O alumnado sen teléfono móbil propio poderá utilizar os dos monitores e monitoras da actividade por quendas entre as 20:00 a 20:30 horas. (Deben ter en conta que serán varios nenos e nenas os que utilizarán este teléfono, polo que se recomenda que a duración da chamada non supere os 3 minutos para que todos o poidan utilizar.)

O alumnado con teléfono móbil propio terá o mesmo horario, pero sempre serán eles os que chamen para evitar a interrupción continua das actividades. Deste xeito serán os monitores ou monitoras os poidan organizar os seus tempos de chamadas.

Será os alumnos e alumnas os que se poña en contacto coas familias e non ao contrario para evitar que se bloqueen as liñas telefónicas. O proceso de chamadas realizarase durante o período establecido anteriormente, polo que os seus fillos e as súas fillas poderán chamar en calquera momento. Por favor, pregámoslles sexan pacientes.

En caso de ter algunha dúbidasobre o estado dos seus fillos e fillas, pregáselles que se poñan en contacto co número de teléfono ou correo electrónico seguintes. Dende alí encargáranse de comunicar directamente cos monitores e as monitoras da actividade e de darlles unha solución ás súas dúbidas.

- **Teléfono de contacto 943 469 373**
- **Correo electrónico info@playandsay.org**

Só en caso de URXENCIA pode contactar co coordinador da actividade, que estarán á súa disposición para resolver calquera situación que se poida presentar no seguinte número:

646 515 937



SERVIZOS MÉDICOS: o coordinador da actividade e os monitores e monitoras encargaranse de vixiar de cerca o estado físico dos alumnos e as alumnas e de administrar os medicamentos que os representantes legais indiquen. En caso de urxencia, calquera alumno ou alumna será levado ao hospital máis próximo, que está a uns 15 minutos das instalacións.

SERVIZOS MÉDICOS PRÓXIMOS:

- **CENTRO DE SAÚDE OS PEARES, PEROXA (A)**
Casdaviil, s/n - OS PEARES
32440 Peroxa (Ourense)
Horario de mañá.
- **CENTRO MÉDICO EL CARMEN**
Avda. Habana, 50-52
32003- Ourense
- **COOPERATIVA SANITARIA DE GALICIA**
Calle Antonio Sáenz Diez, 11
32003- Ourense

*** Para casos de enfermidade, os alumnos e alumnas serán trasladados ao hospital público máis próximo de Ourense.

MEDICAMENTOS: É imprescindible indicar previamente, no formulario que lles enviamos, os datos médicos do alumnado participante. En caso de que os nenos ou nenas utilicen medicación habitual, deberán levala á actividade gardada nunha bolsa e marcada co seu nome e apelidos e a súa frecuencia de uso. Unha vez chegados á actividade, as persoas monitores e monitoras recollerán a medicación, gardarana e serán as encargadas de ir subministrándolla diariamente.

En caso de que o alumno ou alumna necesite levar consigo a medicación en todo momento (caso común dos alumnos e alumnas que teñen asma e necesitan o inhalador), os nenos manterán con eles a medicación e o monitor ou monitora ocuparase do seu benestar.

DIETAS ESPECIAIS: No caso de que algún alumno ou alumna necesite unha dieta especial ou teña alerxias, intolerancias, etc. a algún alimento, será necesario comunicalo previamente no formulario de inscrición.

TARXETA SANITARIA: é moi importante que os alumnos e as alumnas leven a fotocopia da tarxeta sanitaria con eles e, en caso de telo, fotocopia da tarxeta do seguro privado ao que pertencen para ser entregada xunto co formulario o día de entrada na actividade.



8.) SEGURO

Todos os participantes e as participantes están cubertos por un seguro de accidentes e responsabilidade civil.

Aseguradora: Allianz Seguros y Reaseguros, S.A.

O número de póliza é o seguinte: 042115875

Mediador **SALNAR XXI CORREDURIA DE SEGUROS S.L.** teléfono: **943464625** / e-mail

salnar.corseg@allianzmed.es

Tamén a través da páxina web **www.allianz.es**

Para asistencia sanitaria cadro médico: **902 108 509**

Para calquera aclaración sobre a actividade English Week 2017, dirixáse a: xsoie@edu.xunta.es